



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA

Refª: Acta lectura informes e adx. ROSENDE

Asunto:

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REXENERACIÓN DE PAVIMENTO EN ROSENDE. SELECCIÓN DA OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA.**

Sendo as 13:00 horas do día 17 de xullo de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais don Manuel E. Chaín Fernández, Concelleiro delegado da Área de Infraestruturas, dona Paz Abreira Sobrado polo grupo do BNG, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Elva Anido Anido, xefa do servizo de intervención, en substitución do interventor xeral do Concello, dona Ana Saez Mancebo, letrada asesora e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de Contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asiste don Santiago Ferreiro, en representación da empresa CONSTRUCCIONES OREGA S.L.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procedese a dar conta aos membros da mesa por parte do secretario das xustificacións presentadas polas empresas cuxas ofertas foron consideradas anormais ou desproporcionadas en aplicación dos criterios incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares así como dos informes emitidos polo xefe do servizo municipal de enxeñería en relación coas sianadas xustificacións. Do contido dos informes, concúese que as empresas ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L, CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L, EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L, FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L e OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L non xustifican axeitadamente a súa oferta segundo criterio do servizo municipal de enxeñería namentres que a empresa CARFERLO S.L non xustifica a súa oferta no prazo concedido, razón pola cal, os integrantes da mesa acordan a exclusión destas empresas do procedemento, quedando as puntuacións finais do seguinte xeito:

CONSTRUCCIONES TABOADA Y TAMOS S.L: 10 PUNTOS  
LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A: 9,57 PUNTOS  
ISIDRO OTERO S.L: 9,53 PUNTOS.  
PROYECÓN GALICIA S.A: 8,98 PUNTOS  
AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS S.A: 8,75 PUNTOS  
CONSTRUCCIONES PÓNCIANO NIETO: 8,71 PUNTOS.  
CONSTRUCCIONES OREGA: 8,56 PUNTOS  
DESMACO: 8,32 PUNTOS  
J. MAURI E HIJOS: 8,27 PUNTOS  
HORDESCÓN S.L: 7,25 PUNTOS.  
T.A ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L: 7 PUNTOS.  
ANLLAR S.L: 6,52 PUNTOS.



MURALLA  
patrimonio da humanidade

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA

Refª: Acta lectura informes e adx. ROSENDE

Asunto:

CONCIFA: 6,78 PUNTOS  
CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L: 5,86 PUNTOS  
CANARGA CONSTRUCCIONES S.L: 5,54 PUNTOS  
DA SILVA CONTRATAS Y ASFALTOS S.L: 4,07 PUNTOS  
GRUPO BASCUAS 2008 S.L: 2,29 PUNTOS  
CANALUGO S.L: 1,79 PUNTOS.

Tendo en conta o anterior, os integrantes da mesa acordan seleccionar a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L como a mais vantaxosa, propoñendo a adxudicación do contrato a esta empresa nas condicións incluídas na súa proposición.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO

Asdo.: Sonja Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz